



Política de lanzamento de .gal

1. Aceptación da política de rexistro

A presente política de rexistro describe os termos e condicións polos que se rexerán os rexistros dos nomes de dominio .gal durante o período de lanzamento.

1.1 Ao solicitar o rexistro dun nome de dominio .gal durante a fase de lanzamento, o usuario acepta e comprométese a cumprir:

- a) a política de lanzamento, así como a política de rexistro xeral de .gal, dispoñible en <http://dominio.gal/#normativa> e incorporadas pola presente como referencia;
- b) contrato de rexistro fornecido polo rexistrador acreditado e patrocinador, a través de quen solicitou o nome de dominio .gal; e
- c) outras políticas que adicionalmente poida requirir a ICANN.

1.2. Pola presente o usuario declara que as afirmacións que figuran no contrato de rexistro asinado co rexistrador acreditado e patrocinador do seu nome de dominio .gal son exactas e veraces.

1.3. Será responsabilidade do usuario determinar se o rexistro e uso do nome de dominio .gal cumpren co disposto na política de rexistro.

2. Definicións

2.1 Nesta política de rexistro:

- a. “**Rexistrador acreditado**” refírese a un rexistrador acreditado pola ICANN que formalizou un contrato (o “**contrato entre rexistro e rexistrador**”) co operador do rexistro e que está autorizado para rexistrar nomes no dominio de primeiro nivel (TLD) .gal.
- b. “**Dispoñibilidade xeral**” fai referencia ao período de rexistro xeral que sucede ás fases de lanzamento, e durante o cal os solicitantes cualificados poden rexistrar os nomes de dominio .gal atendendo á orde de recepción das solicitudes e segundo o descrito na política de rexistro xeral de .gal.
- c. “**Política de rexistro xeral de .gal**” e/ou “**política de rexistro**” designa a política dispoñible no sitio web do operador do rexistro (<http://dominio.gal/#normativa>), citada aquí como referencia, e pola cal se regula o rexistro dos nomes de dominio .gal.
- d. “**ICANN**” denota a Corporación da Internet para a Asignación de Nomes e Números.
- e. Por “**nome premium**” enténdese o nome de dominio .gal que figura na lista de nomes premium que se poden rexistrar logo do pagamento da tarifa correspondente ou que está reservado polo operador do rexistro para unha poxa ou venda posterior.



- f. **“Autoridades públicas”** son as autoridades internacionais, nacionais, autonómicas e locais, así coma os órganos e unidades delas dependentes, e as corporacións de dereito público con competencias en Galicia.
- g. **“Solicitante de rexistro” e “usuario”** refírense aos individuos ou entidades que desexan rexistrar un nome de dominio .gal cun rexistrador acreditado.
- h. **“Operador do rexistro”** fai referencia á Asociación PuntoGAL, en calidade de entidade responsable de xestionar o TLD .gal, con independencia de que actúe de forma directa ou a través dun axente autorizado (por exemplo, a Asociación CORE).
- i. **“Nome reservado”** indica o nome de dominio .gal que figura na lista de nomes reservados e que non está dispoñible para o seu rexistro.
- j. **“TLD”** expresa un dominio de primeiro nivel.

3. Condicións xerais e presentación do plan de lanzamento

3.1. Para efectuar o rexistro dun nome de dominio .gal durante o lanzamento, a solicitude debe cumprir:

- i. os requisitos específicos de elixibilidade descritos para cada categoría nesta política de lanzamento
- ii. os requisitos xerais de elixibilidade e condicións de uso establecidos na política de rexistro de .gal, mencionados aquí como referencia. En concreto, segundo se menciona nas políticas de rexistro, para o rexistro e renovación dun nome de dominio .gal o solicitante debe ser unha persoa física ou xurídica vinculada á comunidade .gal no momento do rexistro e con posterioridade ao mesmo.

Os rexistros efectuados baixo o TLD .gal quedan restrinxidos a aqueles que cumpran os dous requisitos que se describen a continuación:

- 1) Ser membro de boa fe da comunidade lingüística e cultural galega na Rede. A comunidade está integrada por aqueles que empregan (ou se comprometen a empregar) a lingua galega nas súas comunicacións en liña, promoven diferentes aspectos da cultura galega en liña ou dirixen especificamente as súas comunicacións e servizos en liña a esta comunidade.
- 2) uso do nome de dominio por parte do titular debe ser:
 - a) aceptados xeralmente como lexítimos
 - b) beneficiosos para a causa e valores da comunidade lingüística e cultural galega
 - c) proporcionais á función e importancia do nome de dominio
 - d) rexistrado de boa fe no momento do rexistro e con posterioridade a este.

Os solicitantes deberán especificar o uso que desexan darlle ao nome de dominio rexistrado. Toda declaración falsa sobre este uso será considerada como actuación de mala fe e poderá ser motivo de suspensión do nome de dominio.

Logo do rexistro do nome de dominio .gal e durante toda a súa vixencia, o usuario deberá ser quen de acreditar calquera dos campos aplicables mencionados. A vinculación coa



comunidade estará suxeita a unha validación posterior por medio dun programa de cumprimento exhaustivo baseado nos mesmos criterios establecidos para o TLD.

O rigor na validación será proporcional á importancia do nome de dominio asociado, tomando como referencia o comportamento xeral dun usuario medio no contexto dese nome de dominio.

A política de rexistro xeral de .gal rexerá todos os aspectos do rexistro, aínda que non se citen expresamente nesta política de lanzamento.

3.2. Como excepción aos requirimentos de elixibilidade descritos no punto 3.1., as solicitudes de rexistro validadas polo Centro de procesamento de marcas rexistradas (TMCH) que non se axusten ás políticas de rexistro da comunidade .gal poderán solicitar un rexistro preventivo que impida o rexistro de solicitudes por terceiros, sen que se active o dominio no sistema de nomes de dominios (DNS), tal e como se describe posteriormente no punto 4.1.3.

3.3. A fase de lanzamento de .gal dará comezo o 16 de setembro de 2014 ás 13:00 UTC e rematará o 18 de novembro de 2014 ás 13:00 UTC, agás no caso das entidades de interese público, que contarán cun período de rexistro limitado que finalizará o 25 de novembro ás 13:00 UTC*. A continuación abrirase un período de reflexión, xusto antes do inicio do período de dispoñibilidade xeral, que terá lugar o 2 de decembro ás 13:00 UTC. No curso destes 71 días naturais aceptaranse solicitudes para seis categorías: cinco delas para solicitantes con dereitos preferentes e unha categoría adicional para solicitudes de nomes sen dereitos preferentes (Carreira ou Landrush). **Aceptaranse de forma simultánea solicitudes para as seis categorías, que se asignarán ao remate da fase de lanzamento segundo o nivel de prioridade de cada unha.** Deste xeito, cada categoría quedará asignada na súa totalidade (é dicir, aceptada, rexeitada ou pendente de resolución de disputas) antes de que se asigne ningún nome da seguinte categoría. O operador do rexistro examinará minuciosamente e con carácter individual cada declaración de prioridade e non se considerarán válidas as declaracións propias. Establécense as seguintes categorías de acordo co seu nivel de prioridade (de maior a menor):

Categoría/prioridade	*Duración	Resumo
Abrente ou Sunrise	16 de setembro de 2014 ás 13:00 UTC 18 de novembro de 2014 ás 13:00 UTC	Período de rexistro das marcas validadas polo TMCH unha vez finalizado o prazo
Rexistros preventivos	16 de setembro de 2014 ás 13:00 UTC 18 de novembro de 2014 ás 13:00 UTC	Marcas validadas polo TMCH que non cumpren cos criterios de elixibilidade de .gal
Período de rexistro limitado para entidades de interese público	16 de setembro de 2014 ás 13:00 UTC 25 de novembro de 2014 ás 13:00 UTC	Período de rexistro limitado para que as persoas xurídicas con vocación específica na promoción de intereses públicos para a comunidade galega, incluídas as administracións públicas con competencias en Galicia, poidan



		<p>registrar:</p> <ul style="list-style-type: none">(i) o seu nome (incluídas as variantes ou abreviacións claras deste),(ii) os seus servizos en liña(iii) os mesmos nomes de dominio que xa teñan rexistrado noutros TLD e contén cun uso real(iv) as súas marcas comerciais
Período de rexistro limitado para marcas locais	16 de setembro de 2014 ás 13:00 UTC 18 de novembro de 2014 ás 13:00 UTC	<p>Período de rexistro limitado para que as persoas xurídicas rexistren:</p> <p>Marcas comerciais non validadas polo TMCH en vigor en España (por exemplo, marcas españolas, comunitarias e internacionais vixentes en España)</p> <p>Indicacións xeográficas recoñecidas na lexislación española ou internacional</p>
Período de rexistro limitado para entidades con contidos previos	16 de setembro de 2014 ás 13:00 UTC 18 de novembro de 2014 ás 13:00 UTC	<p>Período de rexistro limitado para que as persoas xurídicas que acrediten comunicacións en liña previas en galego (como un sitio web, lista de correo ou blog) poidan registrar:</p> <ul style="list-style-type: none">(i) o seu nome oficial (incluídas as variantes ou abreviacións claras deste)(ii) os mesmos nomes de dominio que xa teñan rexistrado noutros TLD e contén cun uso real <p>No caso de que varios solicitantes desexen registrar o mesmo nome nesta categoría, a disputa resolverase mediante unha poxa.</p>
Período de rexistro de nomes sen dereitos preferentes (Carreira ou Landrush)	16 de setembro de 2014 ás 13:00 UTC 18 de novembro de 2014 ás 13:00 UTC	<p>Período durante o cal os interesados teñen a oportunidade de presentar unha ou máis solicitudes para registrar nomes de dominio .gal que non estean asignados nas categorías 1 a 5 ou reservados polo operador do rexistro. No caso de que haxa varios solicitantes para un mesmo</p>



		nome nesta categoría, a disputa resolverase mediante unha poxa.
Dispoñibilidade xeral	2 de decembro de 2014 ás 13:00 UTC	Período de rexistro xeral que dará comezo unha vez finalizada a fase de lanzamento, e durante o cal calquera persoa física ou xurídica poderá rexistrar un nome de dominio .gal por orde de recepción da solicitude, seguindo o procedemento descrito na política de rexistro de .gal.
Servizo de notificación de disputas de marcas	Durante os períodos de rexistro limitado, o período de rexistro sen dereitos preferentes e como mínimo os 90 primeiros días do período de dispoñibilidade xeral	Período durante o cal o rexistrador acreditado debe notificar a todos os posibles solicitantes dun nome de dominio a existencia dunha coincidencia cun rexistro de marca comercial verificado polo Centro de procesamento de marcas rexistradas, e este notificará á súa vez os nomes rexistrados aos titulares dos dereitos das marcas.

***IMPORTANTE:** O operador do rexistro terá dereito a revisar ou ampliar a duración dalgunha das categorías. Con todo, o período Abrente (Sunrise) terá unha duración mínima de 60 días e o Servizo de notificación de disputas de marcas estará dispoñible como mínimo durante o período de rexistro sen dereitos preferentes e os primeiros 90 días do período de dispoñibilidade xeral.

4. Categoría con prioridade 1: Data de fin de Abrente (Sunrise)

4.1. Requirimentos de elixibilidade e escolla de nomes para a categoría Abrente (Sunrise)

Nesta categoría inclúense as marcas rexistradas no TMCH: propietarios rexistrados, titulares de licenzas e cesionarios verificados polo Centro de procesamento de marcas rexistradas (TMCH).

Os seguintes requirimentos son adicionais á vinculación coa comunidade .gal, definida no punto 3.1. anterior, así como a calquera outro requirimento xeral de aplicación a todos os rexistros .gal, tal e como se detalla na política de rexistro de .gal. Non se esixirá o cumprimento doutros requisitos (por exemplo, a clase de marca).

4.2. Validación

Para as marcas rexistradas no TMCH: o operador do rexistro só rexistrará o nome de dominio solicitado sempre e cando:

- a. nome de dominio reúna os requisitos xerais de elixibilidade descritos na política de rexistro de.gal



- b. nome de dominio se corresponda exactamente cunha marca validada polo Centro de procesamento de marcas rexistradas para os servizos Abrente (Sunrise), previa petición do solicitante
- c. se presente un arquivo SMD válido no momento da solicitude
- d. a solicitude coincida cunha etiqueta do arquivo SMD
- e. e que o nome de dominio estea dispoñible.

Non se esixirán requisitos adicionais (por exemplo, xurisdición de marcas, clase de marca ou presenza local).

4.3. Duración

O período Abrente (Sunrise) terá unha duración de sesenta e catro (64) días naturais e será simultáneo ás demais fases de lanzamento.

4.4. Resolución de solicitudes concorrentes

No caso de que existan varias solicitudes elixibles para un mesmo nome de dominio nesta categoría, a disputa resolverase mediante un procedemento de poxa. Non se aplicarán outros criterios para a resolución de disputas.

4.5. Política de resolución de disputas nesta categoría

A asignación ou rexeitamento de nomes de dominio na categoría correspondente ao período Abrente (Sunrise) da TMCH poderá impugnarse a través da política de resolución de disputas Abrente ou Sunrise (SDRP), dispoñible no sitio web do operador do rexistro.

5. Categoría con prioridade 2: rexistros preventivos

5.1. Requisitos de elixibilidade e escolla de nomes

As solicitudes validadas pola TMCH que non cumpran as políticas de rexistro da comunidade .gal poderán optar a un rexistro preventivo. Este impedirá que un terceiro rexistre un nome de dominio nunha categoría cun nivel de prioridade inferior. Os rexistros preventivos non permiten a activación do dominio no DNS. Un mesmo solicitante poderá realizar varios rexistros preventivos.

5.2. Prioridade

As solicitudes elixibles nesta categoría terán preferencia sobre as categorías con prioridade 3, 4, 5 e de nomes sen dereitos preferentes (Carreira ou Landrush).

5.3. Duración

O período Abrente (Sunrise) terá unha duración de sesenta e catro (64) días naturais e será simultáneo ás demais fases de lanzamento.

5.4. Resolución de solicitudes concorrentes mediante poxa

No caso de que existan varias solicitudes elixibles para un mesmo dominio nesta categoría, a disputa resolverase mediante un procedemento de poxa. Non se aplicarán outros criterios para a resolución de disputas.

6. Categoría con prioridade 3: período de rexistro limitado para entidades de interese público

Nesta categoría inclúense aquelas persoas xurídicas con competencias específicas para a promoción da lingua ou cultura galegas. Tan só se permitirá o rexistro de nomes a aqueles solicitantes que acrediten ter competencias específicas na promoción de intereses públicos para a comunidade .gal (incluíndo as autoridades públicas relevantes con competencia en Galicia), quedando suxeito este rexistro aos requirimentos de elixibilidade e escolla de nomes que se describen a continuación.

No Anexo 1 desta política de lanzamento achégase unha lista oficial de recursos dispoñibles ao público xeral, na que se inclúen algunhas das entidades competentes para a promoción do interese público na comunidade .gal.

Os solicitantes desta categoría deberán:

- i. figurar nos rexistros públicos e privados confeccionados polas autoridades correspondentes ou
- ii. demostrar a súa competencia para promover a lingua ou cultura galegas, indicando no proceso de solicitude os recursos en liña nos que esta pode constatarase.

6.1. *Requirimentos de elixibilidade e escolla de nomes*

Nesta categoría inclúense os solicitantes (persoas físicas e xurídicas) cunha vocación específica na promoción da lingua ou cultura galegas, entre eles as administracións públicas con competencias en Galicia.

As entidades elixibles nesta categoría poderán rexistrar:

- i. o seu **nome** (incluíndo variantes ou abreviacións claras deste)
- ii. os seus servizos en liña
- iii. os mesmos **nomes de dominio** que xa teñan rexistrado noutros TLD e contén cun uso real
- iv. as súas marcas comerciais

As autoridades públicas ás que se refire o punto 2.1.f) tamén poderán rexistrar os seguintes nomes:

- 1) Nomes de servizos públicos ou o obxecto sobre os cales as autoridades públicas teñan competencia. Poderán incluírse, entre outras materias:
 - i) orde e seguridade públicas
 - ii) asuntos públicos e relacións institucionais
 - iii) saúde pública
 - iv) fiscalización, desenvolvemento económico e promoción
 - v) servizos públicos
 - vi) transportes
 - vii) planificación urbanística e protección medioambiental
 - viii) cultura e educación
 - ix) participación cidadá
 - x) turismo



- xi) colectivos profesionais
- 2) Nomes xeográficos para calquera nivel administrativo (por exemplo provincias, cidades, distritos, barrios ou rúas), referencias locais e outros nomes relevantes e emblemáticos a nivel local, incluíndo as variantes e abreviacións claras destes, sempre e cando sexan legalmente da súa competencia.

O operador do rexistro rexistrará unicamente o nome de dominio solicitado sempre e cando este:

- i. reúna os requisitos xerais de elixibilidade descritos na política de rexistro xeral .gal
- ii. cumpra cos requirimentos específicos de elixibilidade e escolla de nomes descritos na cláusula 3.1
- iii. estea dispoñible

6.2 Validación

O operador do rexistro levará a cabo o proceso de validación. A fin de determinar a elixibilidade dos solicitantes desta categoría, comprobarase a lista de recursos dispoñibles ao público xeral fornecida polo operador do rexistro no Anexo 1 ou os recursos subministrados polo solicitante durante o proceso de rexistro. O operador do rexistro poderá aprobar a solicitude se cumpre cos criterios establecidos nas seccións 3.1 e 6.1 anteriores e sempre que non coincida con outra solicitude válida na categoría Abrente (Sunrise), tal como se menciona na sección 4.

6.3 Duración

O período de rexistro limitado para as entidades de interese público terá unha duración de setenta e un (71) días naturais e será simultánea ás demais fases de lanzamento.

6.4 Resolución de solicitudes concorrentes

No caso de que existan varias solicitudes elixibles para un mesmo nome de dominio nesta categoría, a coincidencia resolverase do seguinte modo:

- i. para os nomes de dominio referidos a:
 - a) un ámbito xeográfico: nomes de dominio relacionados inequivocamente cunha entidade administrativa ou referencia relevante nas áreas nas que o galego é lingua autóctona, incluídas as súas variantes e abreviacións claras
 - b) un servizo público ou utilidade pública: nomes de dominio relacionados inequivocamente coas actividades realizadas en colaboración cun servizo público, ben por parte dunha administración pública ou ben por unha entidade privada asociada a unha administración pública.

A administración pública do ámbito e competencia que garde unha maior relación co ámbito xeográfico ou co servizo ou utilidade públicos do nome de dominio disputado será á que lle sexa asignado.

- ii. Nos casos nos que o apartado i) non sexa de aplicación pola imposibilidade de determinar sen dúbidas razoables cal é a administración pública máis relevante ou nos que o nome de dominio non estea afectado polas disposicións anteriores, aplicarase o seguinte proceso:
 - (a) Acordo entre as partes implicadas (retirada e reembolso da solicitude).
 - (b) De non existir acordo, recorrerase a un proceso de mediación, arbitraje ou selección aleatoria (no caso de acceder todas as partes).



- (c) Poxa, como desempate ou último recurso, de non producirse acordo por medio dos mecanismos anteriores.

6.5 Prioridade

As solicitudes elixibles desta categoría terán preferencia sobre as presentadas nas categorías con prioridade 4, 5 e de nomes sen dereitos preferentes (Carreira ou Landrush).

6.6 Impugnación de nomes de dominio asignados ou rexeitados nesta categoría

As asignacións ou rexeitamentos de nomes de dominio nesta categoría poden impugnarse a través da política de resolución de disputas sobre elixibilidade e reconsideración establecida na política de rexistro, dispoñible no sitio web do operador do rexistro.

7. Categoría con prioridade 4: período de rexistro limitado para marcas locais

7.1 Requirimentos de elixibilidade e escolla de nomes

Nesta categoría inclúense aquelas marcas comerciais non validadas polo TMCH que fagan referencia ás áreas nas que o galego sexa unha lingua autóctona, que foran solicitadas con anterioridade ao 13 de xuño de 2012 e concedidas antes do 12 de decembro de 2013 e que estean viventes no momento do rexistro do nome de dominio. Baixo a denominación de "**marcas locais**", inclúense os seguintes tres tipos:

- (i) **marcas españolas** rexistradas na Oficina Española de Patentes e Marcas (OEPM) (<http://www.oepm.es/gl/index.html>);
- (ii) **marcas da Comunidade Europea** rexistradas na Oficina para a Harmonización do Mercado Interior (OAMI) (<https://oami.europa.eu/ohimportal/en/trade-marks>), e
- (iii) **marcas internacionais da OMPI referentes a España e viventes no territorio** de conformidade co sistema Madrid (<http://www.wipo.int/romarin>).

As solicitudes deberán cumprir coa vinculación á comunidade, así como outros requirimentos xerais aplicables a todos os rexistros .gal, tal como se establece no punto 3.1 anterior. Non serán de aplicación outros requirimentos (por exemplo, a clase de marca).

7.2 Validación

O operador do rexistro ou a Asociación CORE, en tanto que axente deste, examinará minuciosamente e con carácter individual as solicitudes desta categoría.

7.2.1 Validación de marcas

- (i) Verificación da data de rexistro e estado nas bases de datos en liña de acceso público:

Examinarase cada unha das marcas comerciais locais coa axuda de tres ferramentas de busca dispoñibles na Rede:

- **Base de datos da OEPM**, dispoñible en: http://www.oepm.es/gl/signos_distintivos/index.html

Esta ferramenta de busca concede acceso á base de datos oficial da OEPM, que inclúe os tres tipos de marcas comerciais locais elixibles neste programa (marcas españolas, marcas comunitarias e marcas internacionais con validez en España).



7.2.2 Validación de indicacións xeográficas

As indicacións xeográficas verificaranse individualmente coa axuda da aplicación DOOR (<http://ec.europa.eu/agriculture/quality/door/list.html>), unha base de datos oficial xestionada pola Comisión Europea que contén todas as denominacións de orixe protexidas (DOP), indicacións xeográficas protexidas (IXP) e especialidades tradicionais garantidas (ETG) da Unión Europea na que se pode buscar por país e consultar aquelas denominacións protexidas por regulamentos da Unión Europea ou que solicitaron a súa protección. Igualmente, poderán utilizarse aquelas outras fontes relevantes para a verificación das indicacións que sinalen as autoridades europeas, españolas e galegas competentes.

7.3 Duración

O período de rexistro limitado para as marcas comerciais locais terá unha duración de sesenta e catro (64) días naturais e será simultáneo ás demais fases de lanzamento.

7.4 Resolución de solicitudes concorrentes

No caso de que existan varias solicitudes elixibles para un mesmo dominio desta categoría, a disputa resolverase mediante un proceso de poxa. Non se aplicarán outros criterios para a resolución de disputas.

7.5 Prioridade

As solicitudes elixibles nesta categoría terán preferencia sobre a categoría con prioridade 5 e de nomes sen dereitos preferentes (Carreira ou Landrush).

7.6 Impugnación de nomes de dominio asignados ou rexeitados nesta categoría

As asignacións ou rexeitamentos de nomes de dominio nesta categoría poden impugnarse a través da política de resolución de disputas sobre elixibilidade e reconsideración establecida na política de rexistro, dispoñible no sitio web do operador do rexistro.

8. Categoría con prioridade 5: período de rexistro limitado para entidades con contido previos

8.1 Requirimentos de elixibilidade e escolla de nomes

As persoas xurídicas que acrediten ter realizado comunicacións en liña en galego (por exemplo, a través dun sitio web ou blog) poden rexistrar nesta categoría:

- (i) o seu **nome** oficial (incluídas as variantes ou abreviacións claras deste),
- (ii) os mesmos **nomes de dominio** que xa teñan rexistrado noutros TLD e contén cun uso real.

O operador do rexistro unicamente rexistrará os nomes de dominio solicitados sempre e cando estes:

- (i) cumplan os criterios xerais de elixibilidade establecidos na política de rexistro xeral de .gal,
- (ii) reúnan os requirimentos específicos de elixibilidade e escolla de nomes mencionados na cláusula 3.1 anterior
- (iii) estean dispoñibles.



8.2 Validación

O operador do rexistro ou a Asociación CORE, en tanto que axente daquel, encargárase de realizar o proceso de validación. Os solicitantes que desexen inscribirse nesta categoría deben achegar un URL ligado a un nome de dominio xa rexistrado por eles, de maneira que poida comprobarse a existencia de contidos en galego con anterioridade á solicitude dun nome de dominio .gal nesta categoría.

8.3 Duración

O período de rexistro limitado para as entidades con contidos previos en galego ten unha duración de sesenta e catro (64) días naturais e será simultáneo ás demais fases de lanzamento.

8.4 Resolución de solicitudes concorrentes

Aplicarase o seguinte proceso:

- i. Acordo entre as partes implicadas (retirada e reembolso da solicitude)
- ii. De non existir acordo, recorrerase a un proceso de mediación, arbitraje ou selección aleatoria (no caso de acceder todas as partes)
- iii. Poxa, como desempate ou último recurso, de non producirse acordo cos mecanismos anteriores.

8.5 Prioridade

As solicitudes elixibles nesta categoría terán preferencia sobre as solicitudes da categoría de rexistro de nomes sen dereitos preferentes (Carreira ou Landrush).

8.6 Impugnación de nomes de dominio asignados ou rexeitados nesta categoría

As asignacións ou rexeitamentos de nomes de dominio nesta categoría poden impugnarse a través da política de resolución de disputas sobre elixibilidade e reconsideración establecida na política de rexistro, dispoñible no sitio web do operador do rexistro.

9. Carreira (Landrush): período de rexistro de nomes sen dereitos preferentes.

9.1 Elixibilidade e escolla de nomes

Durante o período de rexistro de nomes sen dereitos preferentes, todos os interesados poden presentar unha ou máis solicitudes para aqueles nomes de dominio que (i) cumpran os criterios xerais de elixibilidade establecidos na política de rexistro xeral de .gal e que (ii) non estean reservados, rexistrados ou comprometidos polo operador do rexistro para outras categorías.

9.2 Duración

O período de rexistro limitado para os nomes sen dereitos preferentes terá unha duración de sesenta e catro (64) días naturais e será simultáneo ás demais fases de lanzamento.

9.3 Resolución de solicitudes concorrentes

Aplicarase o seguinte proceso:

- i. Acordo entre as partes implicadas (retirada e reembolso da solicitude)



- ii. De non existir acordo, recorrerase a un proceso de mediación, arbitraje ou selección aleatoria (no caso de acceder todas as partes)
- iii. Poxa, como desempate ou último recurso, de non producirse acordo cos mecanismos anteriores.

9.4 Prioridade

As solicitudes elixibles nesta categoría terán preferencia sobre aquelas que se reciban durante a fase de dispoñibilidade xeral.

9.5. Impugnación de nomes de dominio asignados ou rexeitados nesta categoría

As asignacións ou rexeitamentos de nomes de dominio nesta categoría poden impugnarse a través da política de resolución de disputas sobre elixibilidade e reconsideración establecida na política de rexistro, dispoñible no sitio web do operador do rexistro.

10. Cumprimento dos requirimentos de elixibilidade e escolla de nomes

O operador do rexistro poderá rexeitar, revogar ou eliminar en calquera momento a solicitude ou rexistro dun nome de dominio ante a sospeita de que o solicitante non cumprise algún dos requirimentos de elixibilidade ou escolla de nomes establecidos para as categorías anteriores, sen que o solicitante ou rexistrador poidan ter dereito a un reembolso ou compensación como resultado do seu rexeitamento, revogación ou eliminación.

ANEXO I

Directorios públicos de solicitantes elixibles para o período de rexistro limitado para as entidades de interese público

- Administración pública galega: rexistro de entidades locais
<http://www.xunta.es/rexistros/RexistroRELGA.htm>
- Rexistro de asociacións:
<http://www.xunta.es/publicacion-electronica-de-rexistros>
- Rexistro de artesanía:
<http://www.xunta.es/rexistros/RexistroRCA.htm>
- Rexistro de entidades deportivas:
<http://www.xunta.es/rexistros/RexistroRED.htm>
- Rexistro de entidades xuvenís:
<http://www.xunta.es/rexistros/RexistroCEJ.htm>